

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 19.10.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de outubro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas orais

- 1.1 12752 (10/POC-002156)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 9 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego do funcionamento e da prestación de servizos da Unidade de Hospitalización a Domicilio (Hado) na área de influencia do Hospital da Costa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017
- 1.2 12947 (10/POC-002218)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o proxecto para a construción do centro de saúde no barrio de Bouzas, na cidade de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.3 14405 (10/POC-002671)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade galega, as súas previsións referidas á elaboración dun estudo ao respecto e as actuacións que vai levar a cabo para reverter esa situación, así como a súa opinión no tocante á posible incidencia nela do reiterado baixo nivel de execución orzamentaria dos programas ligados ao fomento do emprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.4 16903 (10/POC-002917)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para arranxar o problema de precariedade existente na prestación de asistencia sanitaria no Centro de Saúde de Carral, así como a súa opinión respecto do cumprimento dos compromisos adquiridos para esta lexislatura en relación co medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

- 1.5 17267 (10/POC-002949)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns do incumprimento polo Goberno galego do acordo asinado co Concello de Lalín para a construción dun centro de alta resolución nos terreos do Alto dos Vales, os datos referidos á realización do estudo de viabilidade e a elaboración dalgún plan funcional para mellorar a atención sanitaria da zona, así como as súas previsións en relación coa construción nela dun centro integrado de saúde e a consignación para o ano 2018 do orzamento necesario para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.6 17679 (10/POC-002983)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención ás persoas diagnosticadas de alzhéimer e outras demencias en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.7 17826 (10/POC-003003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre os datos referidos á cobertura da praza de facultativo suprimida no Centro de Saúde de Soutelo de Montes e o número de emerxencias atendidas nel entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, así como o de cartillas asignadas a ese centro e a ratio que está a considerar a Xunta de Galicia para o seu cadro de persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2017 14:28:43

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 12752(10/POC-002156)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 9 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do funcionamento e da prestación de servizos da Unidade de Hospitalización a Domicilio (Hado) na área de influencia do Hospital da Costa

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Servizo Galego de Saúde creou e puxo en marcha, despois do verán de 2013, unha Unidade de Hospitalización a Domicilio (HADO) para a área sanitaria de Cervo. Dita unidade presta servizo, polo tanto, aos concellos que forman a área de influencia do Hospital da Costa.

Ademais, desde outubro de 2015, o Hospital da Costa conta co segundo equipo da Unidade de Hospitalización a Domicilio.

A hospitalización a domicilio é unha alternativa asistencial que se mostra como unha das tendencias actuais da atención especializada. Con ela preténdese evitar ao enfermo a estadía nun lugar alleo ao seu contorno habitual e, ao mesmo tempo, optimizar a utilización de todos os recursos sanitarios dispoñibles, prestando ao paciente no seu domicilio a atención médica e de enfermería que ao seu proceso requira, sen necesidade de ter que permanecer ingresado máis tempo do necesario.

Os pacientes que estean en condicións de acceder a este servizo poden ser atendidos no seu fogar con todas as garantías asistenciais e sanitarias que ofrece un hospital.

De feito, estudos realizados sobre o funcionamento destas unidades demostran que as descompensacións agudas de determinadas patoloxías prodúcense con menor

periodicidade se o enfermo recibe os cuidados no seu propio domicilio, é dicir, se non se afasta da súa forma de vida habitual.

Entre as vantaxes das HADO figuran o feito de que permiten diminuír a morbilidade inherente ao ingreso hospitalario (menos infeccións, menor incidencia de episodios de desorientación do ancián...) e reducen as recaídas. Por outra banda, o paciente goza de maior intimidade e confortabilidade no seu propio domicilio.

Polo tanto, o obxectivo é achegar o maior número de servizos sanitarios posibles aos cidadáns e é, un exemplo máis, da determinación da Xunta de Galicia de potenciar o Hospital da Costa.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas persoas se están a beneficiar, desde a súa posta en funcionamento, da hospitalización a domicilio na área de influencia do Hospital da Costa?
- 2.- Qué tipo de patoloxías son as máis susceptibles de ser tratadas a través desta unidade?
- 3.- Cales son os servizos máis habituais que se prestan polos profesionais do HADO?
- 4.- Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento deste servizo?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 17/07/2017 12:28:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/07/2017 12:28:19



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 12:32
Nº Rexistro: 12752
Data envío: 17/07/2017 12:32:19.479**

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2017 12:28:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/07/2017 12:28:31

Marta Rodríguez Arias na data 17/07/2017 12:28:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/07/2017 12:28:50

María Soraya Salorio Porral na data 17/07/2017 12:29:00

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/07/2017 12:29:07

Raquel Arias Rodríguez na data 17/07/2017 12:29:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 17/07/2017 12:29:22

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 12947(10/POC-002218)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o proxecto para a construción do centro de saúde no barrio de Bouzas, na cidade de Vigo

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5.^a, relativa ao proxecto de Centro de Saúde no barrio de Bouzas na cidade de Vigo.**

No ano 2007 plantexouse a posibilidade de construír un novo centro de saúde no barrio de Bouzas en Vigo. Esta circunstancia motivou un diálogo entre Xunta de Galicia e Concello que anunciaron en 2008 se tiñan cedido parcelas municipais a tal fin.

Oito anos despois non existe información algunha de que aconteceu con ese proxecto, sen saber se foi desbotado, fica paralizado ou se a Xunta pretende implementalo.

Tampouco existen orzamentos dispoñibles para esta construción nas últimas Lexislaturas, nin no exercicio de 2017. Con todo, ten sido reclamado nas campañas electorais, mais ao grupo parlamentario de En Marea non lle consta ningún tipo de xestión das administracións relacionadas co mesmo.

Ante estas circunstancias, **En Marea** presenta as seguintes preguntas:

- 1.- Están a día de hoxe cedidos á Xunta de Galicia os terreos municipais para a construción do centro de saúde no barrio de Bouzas en Vigo?
- 2.- Estima a Xunta necesario ese proxecto? ¿Por que non se levou a cabo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/07/2017 10:07
Nº Rexistro: 12947
Data envío: 21/07/2017 10:07:47.123



3.- Van licitar o proxecto de este novo centro de saúde?, se é así, ¿en que horizonte temporal?, se non é así ¿cales son os motivos para desbotar este proxecto?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do GP. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 21/07/2017 10:06:37

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 14405(10/POC-002671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade galega, as súas previsións referidas á elaboración dun estudo ao respecto e as actuacións que vai levar a cabo para reverter esa situación, así como a súa opinión no tocante á posible incidencia nela do reiterado baixo nivel de execución orzamentaria dos programas ligados ao fomento do emprego

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:57
Nº Rexistro: 14405
Data envío: 22/08/2017 10:57:13.486

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación laboral da mocidade galega.

A situación laboral da mocidade galega ten como principais trazos o desemprego, baixos salarios, precariedade e emigración. Dos anos 2009 ao 2016, ambos inclusive, perdemos 61.200 persoas como poboación activa, e esta perda produciuse principalmente na mocidade. A mocidade de 16 a 24 anos pasou de representar o 8,5% no ano 2009 ao 4,7% no 2016. E a poboación de entre 25 e 34 anos, que representaba o 27,3% no 2009 pasou a representar o 19,5% no 2016.

Nos anos de crise perdéronse 160.00 empregos. Desde o 2009 ao 2016 temos 124.200 persoas, de entre 16 a 34 anos que perderon a súa ocupación. A ocupación nesa franxa de idade caeu nese período 10 puntos, do 33% ao 23%.

Hai que salientar tamén un cambio de tendencia importante con respecto a outras crises, porque a pesar de que nestes dous últimos anos creouse emprego, nas persoas entre 25 e 34 anos seguiu descendendo, concretamente 4.900 no último ano.

O ano 2016 foi un ano de creación de emprego pero, como ocorreu noutras crises, o 95,2% deste é temporal. A taxa global de temporalidade no 2015 era do 25,4%



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:57
Nº Rexistro: 14405
Data envío: 22/08/2017 10:57:13.486

e no 2016 aumentou ao 26,2%. Pero ademais o 33% dos contratos temporais son de duración inferior a unha semana.

E o máis característico deste ano é o aumento do traballo a tempo parcial, que tamén afecta en maior medida á mocidade e, particularmente ás idades de 16 a 24 anos. A xornada a tempo completo desde o ano 2009 caeu un 133,1%, mentres que a de tempo parcial aumentou un 17,6%. O tempo parcial entre menores de 30 anos supón un 28%, afectando máis ás mulleres que aos homes.

Con respecto aos salarios, as diferenzas por idade son moi elevadas e viñeron incrementándose progresivamente desde o ano 2009. Nese período, os salarios dos menores de 18 anos baixaron un 19%, de 18 a 25 anos baixaron un 27,7% e de 26 a 35 anos baixaron un 10,6%. A mocidade de 16 a 25 anos ten un salario medio inferior nun 52% ao resto da clase traballadora. E de 25 a 34 a brecha salarial é do 24%. Pero si consideramos, cos datos da axencia tributaria, os ingresos anuais dos menores de 25 anos, vemos que estes non chegan ao 20% do salario medio e os de 25 a 34 anos teñen uns ingresos que so representan o 34% dos ingresos medios.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a situación laboral da mocidade galega?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza dos datos sinalados relativos á a situación laboral da mocidade galega?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:57
Nº Rexistro: 14405
Data envío: 22/08/2017 10:57:13.486

-Ten previsto a Xunta de Galiza elaborar un minucioso estudo sobre a situación laboral da mocidade galega?

-Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para reverter a situación laboral da mocidade galega?

-Considera a Xunta de Galiza que a reiterada baixa execución orzamentaria nos últimos anos dos programas ligados ao fomento do emprego ten que ver coa mala situación laboral da mocidade galega?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 10:56:46



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:57
Nº Rexistro: 14405
Data envío: 22/08/2017 10:57:13.486

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 10:56:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 10:56:51

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 10:56:53

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 10:56:54

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 10:56:56

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 16903(10/POC-002917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para arranxar o problema de precariedade existente na prestación de asistencia sanitaria no Centro de Saúde de Carral, así como a súa opinión respecto do cumprimento dos compromisos adquiridos para esta lexislatura en relación co medio rural

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O conselleiro de Sanidade fixo a presentación da Estratexia Sergas 2020, que contempla os obxectivos e os eixes estratéxicos da dita Consellería de cara ao 2020.

Nesta estratexia establécese como Obxectivo 1 a mellora da saúde da cidadanía, e como Misión 2020 mellorar a saúde da cidadanía a través da prestación de servizos sanitarios asistenciais efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa e sostible e garantir os dereitos e deberes dos pacientes.

A estratexia presenta 20 liñas estratéxicas, que se desenvolven no punto 6.1 Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores, e entre as que queremos destacar:

Liña estratéxica 1. Desenvolver intervencións de promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral.

Posta en valor da Atención Primaria na Comunidade: Fomento da participación dos profesionais sanitarios nas intervencións comunitarias e reforzo da formación específica para coñecer como se realizan as accións comunitarias e como se colabora con outros profesionais non sanitarios.

Liña estratéxica 2: Mellorar a consideración e a accesibilidade na prestación dos servizos. Axendas de atención primaria: Establecer criterios para a utilización das axendas de atención primaria para reducir os tempos de espera e optimizar os tempos de traballo do profesional.



Grupo Parlamentario

O 25 de setembro de 2015 o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Carral presentou ante o Pleno do dito concello unha moción que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos que dicía textualmente:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

*“O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

Solicitar ó Sergas se dote o Centro Médico de Carral de catro médicos e o pediatra a xornada completa para cumprir coa ratio médico/habitante de Galicia e así aliviar a espera excesiva na atención primaria de Carral.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A situación actual da atención sanitaria no Concello de Carral pode cualificarse como mala, en primeiro lugar carécese dun sistema de atención a urxencias propio tendo que desprazarse os veciños e veciñas en caso de urxencia o veciño Concello de Cambre, carecendo tamén dunha ambulancia propia, que recortaría en moito o tempo de resposta ante unha urxencia en caso de dispoñer dela.

Xunto co anterior, a lista de espera para unha consulta en medicina xeral chega a unha semana, en época estival, polo que supoñemos que neste próximo inverno o sistema pode chegar a colapsar xa que as necesidades de atención médica en época invernal son moi superiores as do verán. Esta situación anterior fai que o sistema falle, xa que ante unha enfermidade común o tempo de espera é excesivo, e os doentes acaban por acudir por urxencias ao CHUAC ou a Cambre, elementos estes últimos non destinados a cubrir estas enfermidades comúns.

A razón desta alta espera en medicina xeral e que se conta con menos médicos que os que lle corresponden a Carral por poboación, a media galega de pacientes por médico é de 1.296, no caso de Carral que conta cunha poboación de 6.172 habitantes a finais do 2106. Facendo unha simple división atopámonos que o número de médicos en Carral sería de 4,76, é dicir, son necesarios 5 facultativos (4 médicos de familia e un pediatra) e non os 2,5 existentes na actualidade, xunto co pediatra a xornada parcial e compartida. A situación actual fai que se incumpra o Plan de Mellora de Atención Primaria aprobado pola propia Xunta de Galicia no que se indica que ningún médico supere os 1.500 habitantes, sendo en Carral esta ratio habitantes por médico de 1.763 hab/med, 500 habitantes máis por médico que a media galega, e 263 máis que o permitido polo Plan do Sergas.



Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, e para eliminar as excesivas esperas na atención primaria, e polo que propoñemos o Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Primeiro, O Concello de Carral solicitará ó SERGAS por tódalas vías ó seu alcance o cumprimento en Carral do Plan de Mellora da Atención Primaria, e dotará o centro médico de Carral de catro médicos de familia, para desta forma reducir a alta espera existente actualmente en atención primaria, que chega a ser de máis dunha semana e igualarnos no ratio médicos/habitante do resto de Galicia.

Segundo, o Concello de Carral solicitará ó Sergas o pediatra a xornada completa e se evite desta forma que as familias teñas que acudir a pediatras privados para cubrir o escaso servizo dado polo Sergas.

Terceiro, mellorar os sistema de urxencias, de forma que alúmenos, pola tarde este de garda un facultativo en Carral, dotado das correspondentes ferramentas para atender casos de urxencias e contar cunha ambulancia propia que diminuiría en moito o tempo de resposta ante emerxencias locais”.

Á vista de que o Sergas non respondeu á dita demanda, sen que se teña dirixido aos grupos asinantes da moción para dar unha resposta sobre a solución desta deficiencia, presentouse de novo outra moción na mesma liña pero engadindo unha nova reclamación:

“Mellorar o sistema de urxencias, de forma que polo menos, pola tarde estea de garda un facultativo en Carral, dotado das correspondentes ferramentas para atender casos de urxencias e contar cunha ambulancia propia que diminuiría en moito o tempo de resposta ante emerxencias locais”.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai o Goberno galego solucionar o problema de precariedade existente na prestación de asistencia sanitaria no centro de saúde de Carral?

2ª) Considera o Goberno galego que con esta precarización dos servizos públicos no rural se está a cumprir con esa promesa feita polo presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura que esta ía ser a “*lexislatura do rural*”?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16903
Data envío: 19/09/2017 14:01:45.187



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2017 13:59:22

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2017 13:59:29

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2017 13:59:36

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 17267(10/POC-002949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do incumprimento polo Goberno galego do acordo asinado co Concello de Lalín para a construción dun centro de alta resolución nos terreos do Alto dos Vales, os datos referidos á realización do estudo de viabilidade e a elaboración dalgún plan funcional para mellorar a atención sanitaria da zona, así como as súas previsións en relación coa construción nela dun centro integrado de saúde e a consignación para o ano 2018 do orzamento necesario para ese fin

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envío: 22/09/2017 16:48:57,088

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión.**

Tanto a Xunta de Galiza como diversos representantes do PP veñen de recoñecer que o goberno galego vai incumprir os acordos asinados con concello de Lalín para a construción dun Centro de Alta Resolución.

Resulta altamente sorprendente e pouco respectuoso que estes anuncios se fagan en resposta a iniciativas parlamentarias do BNG, e que nin o conselleiro de sanidade nin ningún representante da consellaría se dignen a responder as peticións de entrevista do alcalde de Lalín para falar sobre este tema.

Máis aínda cando en maio de 2016 o conselleiro se comprometeu a comunicar nun prazo de dous meses os resultados do estudo de viabilidade do CAR e outras melloras previstas para a zona sanitaria de Lalín.

Transcorrido case ano e medio, o portavoz de sanidade do PP no Parlamento galego (non un representante da consellaría) anuncia un suposto Plan funcional do que nunca se falara até o momento e a intención do goberno de levar a cabo un Centro Integral de Saúde nos terreos de Alto de Vales. Unha decisión que se ser certa supón incumprir o convenio e que debería ser negociada e acordada co concello de Lalín, que expropiou os terreos para a construción dun CAR.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envío: 22/09/2017 16:48:57.088

A realidade é que mentres a Xunta de Galiza incumpre os compromisos asinados e fai anuncios de cara á galería, pasan os anos (6 desde a sinatura do convenio do CAR) a asistencia sanitaria na zona de Lalín está sufrindo un deterioro continuo polo mal estado das instalacións do centro de saúde, a redución de especialidades, a supresión de persoal e a non cubrición de baixas e vacacións.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que a Xunta de Galiza incumpriu o acordo co concello de Lalín para a construción nos terreos de Alto de Vales dun Centro de Alta Resolución?
2. Chegou a realizarse o estudo de viabilidade do CAR comprometido polo conselleiro de Sanidade? De ser así, quen o redactou, cando se rematou e a que conclusións de chegou?
3. Existe un Plan funcional para a mellora da atención sanitaria en Lalín? Quen se encarga da súa redacción? En que prazos se prevé que estea rematado? Ten previsto a Xunta de Galiza informar ao concello de Lalín sobre esta proposta?
4. Se aínda non está rematado o Plan funcional, como é que o portavoz do PP no parlamento anunciou a construción dun Centro Integrado de saúde?
5. Prevé a Xunta de Galiza a construción en Lalín dun Centro Integrado de Saúde? En que prazo? Con que orzamento?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envío: 22/09/2017 16:48:57.088

6. Prevé o goberno galego incluír no orzamento da Xunta para o ano 2018 unha partida para levar a cabo esta infraestrutura? De ser así, que cantidade está prevista?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2017 16:46:13

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2017 16:46:19

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2017 16:46:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/09/2017 16:46:24

Olalla Rodil Fernández na data 22/09/2017 16:46:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envío: 22/09/2017 16:48:57.088

Noa Presas Bergantiños na data 22/09/2017 16:46:29

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 17679(10/POC-002983)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención ás persoas diagnosticadas de alzhéimer e outras demencias en Galicia

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

En Galicia, estímase que hai entre 70.000 e 100.000 casos de demencias. Na actualidade, o 23% da poboación galega ten máis de 65 anos (estímase que a porcentaxe aumentará ao 40% para o 2050, segundo o INE). Este é un indicador significativo, xa que a idade é o principal factor de risco para desenvolver unha demencia.

Do total das demencias diagnosticadas, o 70% son Alzheimer. O 21 de setembro conmemórase tódolos anos o Día Mundial do Alzheimer, data na que se pon o foco de atención nas persoas que sofren esta enfermidade, visibilizando as súas necesidades, expectativas, etc.

Esta enfermidade non afecta so á persoa que a padece, senón tamén ao seu entorno máis próximo (coidadoras principais, familiares....) que tamén precisan coidados e atencións, debidas tanto á gran carga de traballo físico que realizan como á carga afectiva que esta doenza trae consigo.

As consecuencias destas enfermidades neurodexenerativas fanse máis presentes na poboación do rural, xa que á enfermidade engádenselle as características do medio rural (moitas delas favorecidas polas políticas de desmantelamento do rural do PP): despoboación, illamento, dispersión xeográfica, problemas de



movilidade (escaseza de transporte público) carencia de recursos sanitarios e sociais, etc. o que, engadido á elevada idade da poboación fai que en determinadas situacións se complique a intervención sociosanitaria con estas persoas.

Desde En Marea defendemos a dignidade das persoas con Alzheimer e outras demencias, o respecto á súa autonomía, o recoñecemento dos seus dereitos, así como os das persoas cuidadoras, cuxa labor debe ser recoñecida, valorada e visibilizada ante a sociedade, así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan.

Por todo o exposto anteriormente os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

1. Cantas persoas diagnosticadas con Alzheimer e outras demencias están agardando sen ter acceso a recurso público ningún a que se lle recoñeza o grao de dependencia ou se lle asigne o recurso do Programa Individual de Atención? Cantas faleceron nos últimos dez anos sen recibir ningún tipo de atención pública?
2. Que medidas específicas dispuxo ou ten pensado dispor a Xunta para atender a estas persoas, diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias, que residen en municipios rurais con menos recursos ao seu alcance que nas urbes? E para as cuidadoras destas persoas?.
3. Que xestións se teñen feito para que o Goberno do Estado adopte o acordo do Parlamento de Galicia a respecto do recoñecemento automático do 33% de discapacidade ás persoas diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17679
Data envío: 27/09/2017 19:13:20.427



4. Vaise reforzar de xeito estrutural – cubrindo todos os postos de traballo vacantes e creando outros novos onde se precise - os Equipos de Valoración e Orientación para a Discapacidade para reducir as listas de agarda na valoración do grao de discapacidade?
5. Cando está previsto que se presente no Parlamento de Galicia o estudo sobre o Alzheimer en Galicia, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de maio de 2016, incluíndo un informe sobre as persoas cuidadoras.

Santiago de Compostela, a 27 de setembro de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 27/09/2017 19:12:01

David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 19:12:10

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 19:12:21

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 17826(10/POC-003003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre os datos referidos á cobertura da praza de facultativo suprimida no Centro de Saúde de Soutelo de Montes e o número de emerxencias atendidas nel entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, así como o de cartillas asignadas a ese centro e a ratio que está a considerar a Xunta de Galicia para o seu cadro de persoal

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria en Soutelo de Montes foi obxecto de preocupación no Parlamento de Galicia por parte do Grupo Socialista, ao fío das demandas existentes na cidadanía de Soutelo que, baixo as ameazas e constantes indicios de retirada do servizo, mobilizáronse para demandar manter o servizo do seu centro de saúde co persoal e recursos necesarios. As continuas non substitucións de persoal do centro de saúde prexudican, de maneira obvia, a calidade asistencial da cidadanía de Soutelo e acumula esperas e perda de eficiencia no servizo.

Os debates parlamentarios e as respostas do Goberno galego ao respecto amosaron a perspectiva de non percibir problemáticas respecto da atención sanitaria, así como a relativización dos problemas veciñais que teñen sido reclamados. Entre outros exemplos, a resposta da Xunta de Galicia emitida o 26 de setembro de 2017, en resposta á pregunta parlamentaria do grupo socialista, sinala a existencia de 2 profesionais cando só 1 atendeu durante estes últimos tempos.

Os recentes meses de verán amosaron, unha vez máis, os problemas de persoal en torno a este centro de saúde de Soutelo, coa supresión dun facultativo dos que atendía á veciñanza. Evidenciouse por parte da Xunta de Galicia unha ampla pasividade para resolver a situación.

Sobre esta cuestión, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que medida foi cuberto o facultativo suprimido do Centro de Saúde de Soutelo de Montes? Cantos e cantas profesionais e con que tipo de contratos se cubriu esta baixa?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:48
Nº Rexistro: 17826
Data envío: 28/09/2017 17:48:45.412



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Cantas emerxencias tiveron que ser atendidas no Centro de Saúde de Soutelo de Montes entre o 1 de xullo e o 15 de setembro?
3. Cantas cartillas ten asignadas o Centro de Saúde de Soutelo de Montes e que ratio estima a Xunta de Galicia para estimar o volume de persoal destinado ao centro de saúde?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2017 17:47:48

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 17:47:54

Noela Blanco Rodríguez na data 28/09/2017 17:47:58